

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido á falta de valoración de dependencia e ao non recoñecemento de axudas por discapacidade

Expediente: G.6.Q/4701/20

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dun escrito referente á falta de valoración de dependencia e ao non recoñecemento de axudas por discapacidade.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que a situación do seu pai é a seguinte: demencia-deterioro cognitivo (dexenerativa); parkinsonismo; discapacidade do sistema nervioso e muscular; discopatía lumbar-limitación funcional de columna; cancro de próstata-neoplasia de próstata tumoral; bocio multinodular tóxico; dislipemia; e diabetes mellitus. Por todo iso necesita atención as 24 horas do día.

Solicitouse a discapacidade e a dependencia en xaneiro do 2020. A discapacidade veu resolta en outubro, o que permite unha redución do IRPF; non permite, a pesar dos problemas de limitación funcional de columna, discapacidade do sistema nervioso e muscular e falta de equilibrio producida polo parkinsonismo, ningunha axuda a mobilidade (aparcamento).

Na dependencia non teñen información e necesitan a axuda, xa que as fillas traballan e a muller ten tamén as súas enfermidades, de forma que non pode prestar atención durante as 24 horas e precisa seu descanso.

Sinala tamén, unha vez concedida a axuda ten algún carácter retroactivo? será posible recuperar algunha parte do gasto? existe a posibilidade que xa non cheguemos a ter ningunha axuda, dado que neste momento o prognóstico do seu cancro non é favorable?.

2. Ante iso requirimos información á Consellería de Política Social, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

“ANTECEDENTES: 1. Con data 22/01/2020 [REDACTED] presenta solicitude de valoración do grao de dependencia. 2. Unha vez que foi mecanizada a solicitude de [REDACTED], con DNI [REDACTED] a aplicación informática asígnalle a seguinte

codificación vinculada: número de arquivo físico da súa documentación
[REDACTED]. 3. O solicitante foi valorado o 25/11/2020.

CONCLUSIÓN: O expediente está na fase de elaboración do ditame técnico facultativo para posteriormente poder emitir a resolución de recoñecemento de dependencia. Unha vez emitida a citada resolución, iniciarase de oficio a fase de elaboración do programa individual de atención na que o Órgano de Valoración da Dependencia decide se procede ou non a concesión da axuda solicitada, para o cal se segue a orde de prelación establecida na lexislación (artigo 34 do decreto 15/2010 de 4 de febreiro).

No expediente de [REDACTED] consta como axuda solicitada a teleasistencia e as libranzas vinculada a centro de día (media xornada) e libranza vinculada a axuda no fogar.

No caso das libranzas, a efectividade do dereito ás prestacións que se recoñecen nesta resolución nacerá a partir da data desta resolución na que se recoñece a concreta prestación económica, ou dende o día seguinte á data na que se cumpriu o prazo máximo de 6 meses dende a solicitude sen que se houbera notificado a resolución expresa de recoñecemento da prestación.

Na data de efectividade será necesario que se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza. No caso contrario, a efectividade producirase a partir do día primeiro do mes seguinte a que concorran ditos requisitos.”

3. O expediente se atopaba retrasado, posto que a solicitude da dependencia se deu o 22/1/20, a valoración se fixo o 25/11/20, pero aínda non se emitiu a resolución. Mesmo despois terá que se aprobar o PIA, para o que se solicitou teleasistencia e libranzas vinculadas a centro de día (media xornada) e a axuda no fogar. A efectividade das prestacións, de ser recoñecidas, será a partir da resolución ou dende que se cumpran 6 meses dende a solicitude sen resolución, sempre que se reúnan os requisitos para a libranza, isto é, que poda acreditarse que se presta o servizo privado.

O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos para a dependencia, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15). Por tanto, o primeiro prazo está sobrepasado e o segundo formalmente non, pero o retraso do primeiro inflúe en que tamén se retrase o servizo ou prestación, o que debera terse en conta á hora de resolver.

No que se refire á falta de recoñecemento de mobilidade reducida na avaliación da discapacidade, a mesma se recoñece de forma independente por un baremo

específico. As valoracións se fan polos profesionais habilitados e teñen carácter eminentemente técnico, polo que o súa impugnación só pode darse pola aportación de criterios tamén técnicos a través dos correspondentes procedementos contraditorios, en concreto pola promoción da reclamación previa a vía xudicial e pola demanda xudicial.

4. De novo nos diriximos á consellería co fin de requirir que con urxencia facilitara aclaración sobre os extremos mencionados, en concreto sobre a data na que previsiblemente se notificará a valoración retrasada; sobre a data na que previsiblemente se resolverá sobre o PIA, tendo en conta o retraso acumulado para resolver a valoración; sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes.

A Consellería de Política Social informa o seguinte:

“ANTECEDENTES: 1. Con data 22/01/2020 [REDACTED] presenta solicitude de valoración do grao de dependencia. 2. Unha vez que foi mecanizada a solicitude de [REDACTED], con DNI [REDACTED] a aplicación informática asígnalle a seguinte codificación vinculada: número de arquivo físico da súa documentación [REDACTED]. 3. O solicitante foi valorado o 25/11/2020.

CONCLUSIÓN: O expediente está na fase de elaboración do ditame técnico facultativo para posteriormente poder emitir a resolución de recoñecemento de dependencia. Unha vez emitida a citada resolución, iniciarase de oficio a fase de elaboración do programa individual de atención na que o Órgano de Valoración da Dependencia decide se procede ou non a concesión da axuda solicitada, para o cal se segue a orde de prelación establecida na lexislación (artigo 34 do decreto 15/2010 de 4 de febreiro).

No expediente de [REDACTED] consta como axuda solicitada a teleasistencia e as libranzas vinculada a centro de día (media xornada) e libranza vinculada a axuda no fogar.

No caso das libranzas, a efectividade do dereito ás prestacións que se recoñecen nesta resolución nacerá a partir da data desta resolución na que se recoñece a concreta prestación económica, ou dende o día seguinte á data na que se cumpriu o prazo máximo de 6 meses dende a solicitude sen que se houbera notificado a resolución expresa de recoñecemento da prestación.

Na data de efectividade será necesario que se reúnan os requisitos que se esixan na normativa vixente para cada tipo de libranza. No caso contrario, a efectividade producirase a partir do día primeiro do mes seguinte a que concorran dilos requisitos.

ANÁLISE

1. A resposta da consellería ante a valoración remitida é igual á que deu lugar a dita valoración e por tanto á solicitude de información complementaria. Entón sinalamos que o expediente se atopaba retrasado, posto que a solicitude da dependencia se deu o 22/1/20, a valoración se fixo o 25/11/20, pero aínda non se emitiu a resolución. Mesmo despois terá que se aprobar o PIA, para o que se solicitou teleasistencia e libranzas vinculadas a centro de día (media xornada) e a axuda no fogar.

2. O Decreto 15/2010 conforma dous procedementos para a dependencia, un para valorar e outro para aprobar o servizo ou a prestación a través do chamado programa individual de atención (PIA), e establece para o recoñecemento da situación de dependencia un prazo de 3 meses (art. 14), e para a aprobación do PIA outro prazo de 3 meses dende ese recoñecemento previo (art. 15).

Por tanto, o primeiro prazo está sobrepasado e o segundo formalmente non, pero o retraso do primeiro inflúe en que tamén se retrase o servizo ou prestación, o que debера terse en conta á hora de resolver.

3. Confírmase o motivo da queixa; o expediente debería atoparse resolto nos prazos previstos, de tal forma que se eviten os prexuízos das persoas afectadas directamente e dos seus achegados.

4. O retraso da valoración se produce a pesar de que o acto material se deu hai tempo e o único que se atopa pendente é a resolución e a notificación, que deberían darse inmediatamente despois da valoración, posto que trátase de actos formais que non son complexos.

5. A través desta e doutras queixas coñecemos retrasos nas valoracións de dependencia e mesmo nas súas resolucións finais e notificacións, como neste caso. Por iso parece preciso reclamar da consellería competente que se adopten as medidas oportunas ao seu alcance para corrixir a situación que tratamos o máis axiña posible.

6. A necesidade de resolver sobre a valoración e tamén sobre o programa de atención é patente se temos en conta as diferentes patoloxías da persoa afectada.

7. Quen promoveu a queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española (art. 49). Como consecuencia do anterior os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con carácter xeral se adopten as medidas precisas para corraxir os retrasos nas valoracións de dependencia, que prexudican ás persoas afectadas ao retrasar o eventual servizo ou prestación para a autonomía e a atención á dependencia; que especialmente se corraxan os retrasos que afectan ás resolucións e notificacións posteriores ao acto material de valoración; e que se resolva sobre a valoración da persoa afectada no presente caso, posto que se atopa demorada, e na resolución do programa de atención se teña en conta o retraso acumulado.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da resolución formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlles efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte a data na que formulou esta resolución incluíranse na páxina web da institución.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo